

Pazo do Faramello



O Pazo do Faramello é un edificio de comezos do século XVIII de estilo barroco compostelano civil, con marcadas influencias italianas que delatan a súa orixe xenovesa do seu fundador, o Marqués de Piombino.

Situado en pleno corazón da Comarca do Sar, encóntrase equidistante en 12 km de Padrón e de Santiago de Compostela, e ademais é o derradeiro pazo atravesado polo Camiño de Santiago portugués antes de chegar á capital compostelana.

A finca abarca unha superficie de 126.000 m² e o edificio principal supera os 2100 m² magnificamente construídos. Destaca entre a élite dos grandes pazos galegos pola súa orixe industrial, xa que se fundou a partires da Real Fábrica de Papel do Faramello, 1710, pioneira e abandeirada da industria galega por máis de dous séculos e da cal, aínda se poden visitar os antigos muíños coas seus correspondentes apeiros.

O Pazo está construído en terrazas sobre o canón do río Tinto, adaptándose por tanto ó terreo, en principio tiña forma de "T" o cal engadiríase outra edificación pola súa parte norte. Consta de planta baixa máis un andar superior que está cinguido por unha fraga milenaria de carballeira xacobeana en fráxil equilibrio, pero mantida en perfecto estado e en permanente recuperación. Este esforzo de conservación vese amplamente recompensado coa asombrosa biodiversidade do lugar; lontras, búfos, garzas reais, parrulos silvestres, troitas, rás, esquiós, furóns, martiños pescador, raposos vermellos, especies ameazadas como o lagarto das silveiras de cor turquesa atopan no Faramello un reduto de protección. Ademais

nos xardíns atópase un dos acibros máis antigos do país, símbolo que se inclúe no escudo do concello de Rois.

Abundan as referenzas históricas e literarias do Pazo, nas súas antigas cabaleirizas albergouse o arsenal contra as tropas francesas nas revoltas do 2 de xuño de 1808 e foron referencia literaria dalgúns dos máis ilustres escritores galegos (Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Cela...). Cabe destacar que é un dos entornos principais da novela de Alejandro Pérez Lugín “La casa de la Troya”, de 1915, reflexo estudiantil da nobreza compostelana e, na súa época, unha das novelas máis lidas do castelán.

Emblema galaico, cabe sinalar que o pazo descansa baixo os pés do lendario castro celta da Raíña Lupa.

O Pazo do Faramello serviu de residencia estival da S.M. o Rei Alfonso XIII e do Infante D. Luís de Baviera nas súas visitas a Santiago.

O Señor do Faramello ostenta a honra, endexamais exercido, de poder entrar na Catedral de Santiago a cabalo, dereito outorgado por Privilexio Real no ano 1815.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arquitectura Civil
CRONOLOXÍA	Idade Moderna (XVI-XVIII)
CONCELLO	Rois
PARROQUIA	Ribasar (Santa María)
REFERENCIAS	http://www.pazofaramello.com/historia-cnyl http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ROIS/documents/0349CA004.PDF (Páx.2).

XEOLOCALIZACIÓN

COORDENADAS

42.8107551772, -8.62879760569



Anexo

Fotografías ou videos do elemento

* Información obtida da páxina web patrimoniogalego.net. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.